



ARTESANÍA  DE GALICIA


ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS

 XUNTA
DE GALICIA



 **Museo do Pobo Galego**
Memoria en movemento

VII edición

Oficios en acción

Santiago de Compostela > Museo do Pobo Galego

<http://www.museodopobo.gal>

Sábado 7 e domingo 8 de abril

A festa da artesanía


Os Días Europeos da Artesanía impulsados en España pola Fundación EOI - Fundesarte (Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, www.fundesarte.org/) e Oficio y arte OAE (www.oficioyarte.org), teñen como obxectivo facer visible a enorme importancia do sector artesanal en España, tanto en número de persoas implicadas, como na riqueza de actividades e técnicas e, sobre todo, no seu potencial creativo e innovador.

Durante os últimos anos os “Oficios en acción” tiveron lugar na Coruña, ca organización de obradoiros simultáneos, dirixidos por artesáns profesionais, nos que participaron miles de persoas.

Nesta ocasión, presentamos unha soa actividade, na que participan dúas experimentadas cesteiras, que propoñen a creación colectiva dunha escultura con bimbio, para a que non se precisan coñecementos previos.

Oficios en acción conta ca axuda da Fundación Pública Artesanía de Galicia www.artesaniadegalicia.org

O lugar elixido e o claustro do Museo do Pobo Galego en Santiago, durante o sábado día 7 de abril en horario de mañán e tarde, e o domingo 8 de abril durante a mañán.



Idoia Cuesta #
CESTERÍA CONTEMPORÁNEA

LA PARA-
BŌLICA
DISEÑO ARTESANAL

ESCULTURA ARTÍSTICA DE BIMBIO:

Intervención artística con fibras vexetais no claustro do MPG.

DESTINATARIOS:

Todo los públicos, participación gratuita. Non é necesaria a inscrición. Pódese participar de xeito espontáneo, a calquer hora, e en función da afluencia.

En calquer caso, a participación estará regulada polas monitoras e o persoal de organización.

A entrada o Claustro do Museo do Pobo Galego é libre e gratuita.

DURACIÓN: 12 horas en sesións de 4 horas

HORARIOS:

sábado 7 de abril: de 10:30 a 14 h e de 16 a 19:30 h.

domingo 8 de abril: de 11 a 14 h.

CONTIDO :

O proxecto consiste en elaborar unha escultura artística de bimbio como celebración dos Días Europeos da Artesanía 2018.

A inspiración xurde da figura dunha “man”, símbolo universal do traballo artesán. A escultura orgánica vaise construír aplicando a “cestería intuitiva”, unha técnica de tecido ó “azar”, ou tamén coñecida como “técnica niño”, xa que está inspirada na natureza: en cómo os paxáros tecen os seus niños.

Esta técnica permite crear diversos volúmenes e figuras de gran tamaño, así como tecer en diferentes planos e varias persoas a vez, sin precisar de coñecementos previos en cestería.

Por isto, plantexase unha obradoiro participativo, onde todas as persoas que se interesen poidan aportar o seu grao de area e, así, atendendo as explicacións das artesás cesteiras **Idoia Cuesta e Julia de la Cal**, ser capaces de tecer e entrelazar as varas de bimbio sobre a estrutura inicial para conseguir, o final do traballo, a escultura realizada entre todolos/as participantes.

A escultura consiste en varios pilares tecidos de diferentes alturas (cinco como os dedos da man) sobre os que se apoia unha cúpula ou teito, que proporcionará a sensación de refuxio (abeiro) como una cova ou gruta.

Webs de Idoia Cuesta e Julia de la Cal:

<http://www.idoiacuesta.com/>

<http://www.laparabolica.com/info/>

Organiza:

www.galegadeartesans.org • oficios@galegadeartesans.org

<https://www.facebook.com/oficiosenaccion/>

T 981 293 688 (de 9 a 14 h. luns a venres)

Asociación Galega de Artesáns

Web dos Días da Artesanía en España con enlaces a outros países:

<http://www.diasdelaartesania.es/>